

— — —

Antón Villar Ponte, o querido compañeiro e irmán, pasa arestora pol-a gran desgracia de ver morrer â sua distinta dona Micaela Chao Maciñeira. Unha señora que compartía por enteiro os sentimentos galeguistas de Villar Ponte e da sua familia, caso exemprar de sincero e acendrado patriotismo. Foi conselleira primeira da Irmandade femenina cruñesa e estaba completamente identificada cos nosos ideás galegos manifestándoo a cotío con forte intensidade e constancia.

Un caso de patriotismo femenino exemplar e único. A sua morte produxo en nós sentimento forte e sincero.

Antón Villar Ponte e toda a querida familia da distinta dona, saben ben con canto sentimento compartimos a gran desgracia que hoxe lles aqueixa.

